

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE
PONTEVEDRA E A CONSELLERÍA DO MAR (DIRECCIÓN XERAL DE
DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO) PARA A DOTACIÓN ECONÓMICA DE BOLSAS DE
FORMACIÓN NO EXTRANXEIRO PARA O ALUMNADO DO INSTITUTO GALEGO DE
FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NO ANO 2026**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

M^o Ángeles Vázquez Suárez, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Deputación de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da data da sinatura, 27 de abril de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Deputación Provincial de Pontevedra, para mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional.

Así, o convenio regula os compromisos das partes formalizados no dito instrumento co obxecto de mellorar a calidade da formación profesional, mediante a dotación económica de bolsas para a especialización de alumnos/as e técnicos/as en diferentes sectores da acuicultura e mergullo que se están a formar no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA) na Illa de Arousa (Pontevedra), que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

En particular, ditos compromisos das partes para a execución conxunta da mencionada actuación se concretan na dotación económica das ditas bolsas de especialización e no procedemento de selección dos seus beneficiarios, e na elaboración e seguimento do seu proxecto formativo, así como nos seus correspondentes mecanismos de execución e seguimento.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no



seguinte:

- O Decreto 50/2021, de 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG N°58, de 26 de marzo), modificado polo Decreto 210/2022 do 1 de decembro, e polo Decreto 149/2024, de 20 de maio, no seu artigo 1 indica que esta consellería é o órgano da Administración galega ao cal, baixo a superior dirección da persoa titular do departamento, lle corresponde propor as directrices xerais do Goberno, entre outras, en materia de ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico deportivas e mergullo, e que conscientes da importancia económica e social que para Galicia ten o desenvolvemento da acuicultura e a formación de técnicos/as nesta materia, creouse o IGafa na Illa de Arousa (Pontevedra), que depende funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

- A Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do disposto no artigos 109.1ºd) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG N° 149, de 5 de agosto), e no 36.1ºd) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (BOE N° 80, de 3 de abril), ten competencia en materia de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, en base ao que e co fin de mellorar os programas existentes para a provincia, a Deputación Provincial está interesada en cooperar nas accións de formación dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro con ese obxecto de mellorar a calidade da formación profesional no campo da acuicultura e o mergullo profesional.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

En Santiago de Compostela, na data da Sinatura dixital

A directora de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DO MAR

Xacobeo  2027

